



## CIRCULAR INFORMATIVA

### CRITERIOS XERAIS PARA A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Estimadas familias:

En cumprimento da *Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* (DOG 11-02-2022), o centro adaptou a súa concreción curricular nas programacións didácticas para adecuala aos cambios normativos que resultarán de aplicación no curso 2021-2022.

Deste xeito fanse públicos os criterios de promoción xerais para o alumnado de educación primaria:

Ao finalizar os cursos **segundo, cuarto e sexto**, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión adoptarase de maneira colexiada atendendo aos seguintes **criterios de promoción xerais**:

1. Será susceptible de non promocionar o alumnado que non supere tres ou máis materias.
2. Nos casos anteriores, o equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado tendo en conta os seguintes aspectos:
  - a. Grao de adquisición de competencias clave e expectativas de recuperación.
  - b. Aspectos emocionais e de habilidades sociais.
  - c. Evolución do alumno/a.
  - d. Análise xeral do grupo de referencia e do grupo do que pasaría a formar parte.
  - e. Informes da persoa titora.
  - f. Informe do DO.

**A promoción no resto de cursos da etapa será automática.**

A Coruña, 2 de maio de 2022.

A directora,

Sandra Chaves Eijo

